



ALCALDÍA DO CONCELLO DE BARRO

Santo Antoniño 11, Barro
Pontevedra, Galiza

16 de xullo de 2026

Ao coidado do Excmo. Sr. Ministro de Transportes y Movilidad Sostenible

Paseo de la Castellana 67, 28071 Madrid, España

SOLICITUDE URGENTE DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA N-550 AO SEU PASO POR BARRO

Excmo. Ministro:

Diríxome a Vostede na miña calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Barro para trasladarlle a profunda preocupación e a alarma social existente neste municipio ante a falta de seguridade que presenta a estrada nacional N-550 ao seu paso polo noso termo municipal. A N-550 constitúe unha das principais arterias de comunicación da provincia de Pontevedra, soportando diariamente unha elevadísima intensidade de tráfico e presentando carencias que comprometen seriamente a seguridade viaria.

Como alcalde, non podo seguir asistindo con resignación á inacción da administración central ante unha situación que xa é insostible. Por iso, esixo a súa intervención directa e urgente para dar solución a dous puntos negros de extrema perigosidade que requiren unha actuación inmediata:

- **O Cruzamento de Porrás (intersección coa EP-226):** É un punto crítico de concentración de accidentes onde se seguen a producir colisións recorrentes, moitas delas de gravidade extrema e desgraciadamente con consecuencias mortais. O sistema de sinais luminosos instalado no seu día demostrouse totalmente ineficaz. Non podemos seguir con parches preventivos e experimentais; é inaprazable a execución dunha solución técnica real, de garantías e definitiva, como é a construción dunha rotonda.
- **O punto da Porriña (A Portela, intersección coa EP-0506):** A falta de visibilidade e o risco de impacto lateral nesta intersección, que serve de acceso ao núcleo de San Antoniño e

Concello de Barro

Santo Antoniño nº 11, Perdecanaí - 986 71 10 02 - www.barro.gal

conecta coa estación da Portela e con Curro —sendo unha vía de conexión directa e estratéxica da N-550 coa zona do Salnés e a AP-9—, seguen a ser un motivo de fonda preocupación para este Concello pola seguridade das miles de persoas que a transitan a diario.

Cómpre lembrar que en xullo de 2024 a propia subdelegación do Goberno en Pontevedra presentounos o deseño desta rotonda, un proxecto que valoramos de xeito moi positivo, especialmente pola inclusión dun ramal específico para dar servizo a un camiño veciñal. Seguindo o camiño previsto, en xuño de 2025 redactouse formalmente o documento técnico. Porén, malia o tempo transcorrido dende aquela presentación e de que o proxecto xa está redactado dende hai máis dun ano, hoxe o expediente continúa pendente de aprobación polo seu Ministerio. Por este motivo, solicitamos a súa implicación directa para que se proceda á aprobación do proxecto á maior brevidade posible. Así mesmo, consideramos necesario impulsar a tramitación do expediente para que esta infraestrutura poida materializarse canto antes e garantir a seguridade viaria na zona.

Dúas rotondas nestes puntos non son un capricho deste goberno local, senón unha necesidade humana e de seguridade viaria que non admite máis demoras nin escusas administrativas. Estou seguro de que a seguridade é unha preocupación que a súa administración comparte coa miña, polo que urxe que desde o seu Ministerio tomen cartas no asunto e poñan fin a estas situacións que nos supoñen unha preocupación permanente.

Finalmente, e nun segundo plano que tamén require a atención do seu Ministerio, quero expoñer a situación derivada do arquivo do proxecto da autovía A-57. Esta decisión deixou no esquecemento a necesaria mellora da intersección da N-550 coa PO-224 no **Lombo da Maceira**, onde se contemplaba unha rotonda vinculada á devandita autovía. Unha vez descartada esa infraestrutura, solicitamos que a Demarcación de Estradas estude e proxecte unha solución alternativa para regular con seguridade o tráfico e garantir os xiros en ambos sentidos neste enlace.

Confío na súa sensibilidade e no compromiso do seu Ministerio coa seguridade viaria para dar resposta a estas demandas, amplamente compartidas pola veciñanza de Barro. Co fin de analizar estas cuestións e avanzar na procura de solucións, quedo á súa disposición para manter unha reunión de traballo á maior brevidade posible.

Reitero, finalmente, o carácter urxente destas actuacións, por tratarse de intervencións directamente vinculadas á protección da vida e da seguridade das persoas usuarias da N-550. Cada día que pasa sen adoptar solucións definitivas supón prolongar unha situación de risco que este Concello considera inaceptable.

Atentamente,



Asdo. Xosé Manuel Fernández Abrales

Alcalde do Concello de Barro